



# OBRADOIROS TRANSDISCIPLINARES PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA 2021



## CHAMADA A AXENTES

Como resultado da renovación do convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, coa incorporación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística como entidade cofinanciadora do ProxectoTERRA queremos facervos chegar a convocatoria de Obradoiros transdisciplinares 2021 para Educación Infantil e Primaria, **a desenvolver nos meses de novembro e decembro de 2021**, co obxectivo de que se poidan incorporar nas programacións dos centros educativos.

A presente convocatoria enmárcase dentro do **programa 16. ProxectoTERRA do Plan Proxecta+ 2021/2022**, unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial. Un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinares que fomenten o **papel activo do alumnado ante os desafíos sociais**, económicos e medioambientais da sociedade actual e do futuro e poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

O ProxectoTERRA é un proxecto do Colexio de Arquitectos de Galicia dirixido ás distintas etapas educativas co fin de contribuír a mellorar a formación que a poboación escolar galega debe ter sobre as xentes, os espazos e os lugares que habitamos. Trata de **crear poboación crítica e propositiva sobre o noso medio construído para acadar unhas mellores condicións de vida** para todas as persoas, atendendo á premisa do **Dereito ao Hábitat**.

O obxectivo do programa é que o alumnado perciba o hábitat humano desde as diferentes perspectivas que abordan os materiais elaborados e postos á disposición da comunidade educativa desde o ProxectoTERRA. O hábitat estúdase afondando en diferentes aspectos, como son a paisaxe, o territorio, o urbanismo, a arquitectura ou o medio ambiente, dependendo do enfoque escollido en cada proxecto desenvolvido nos centros, aínda que sempre é ben considerado que se aborde un proxecto desde diversas perspectivas e se chegue a formular e desenvolver un proxecto interdisciplinar.

### OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

Mediante a presente convocatoria, desde o ProxectoTERRA queremos achegar a aqueles centros educativos inscritos no Plan Proxecta+ 2021/2022 unha serie de obradoiros prácticos dirixidos a alumnado de Educación Infantil e Primaria. A través destes obradoiros poderanse desenvolver os contidos expostos nos proxectos que cada centro presentou á convocatoria do Plan Proxecta+ 2021/2022, no [programa 16. ProxectoTERRA](#).



Ofreceranse, sen custo adicional para os centros educativos inscritos no Plan Proxecta+, unha serie de obradoiros desenvolvidos por entidades externas ao proxectoTERRA. Nestes obradoiros abordaranse os contidos do programa adecuándoos ás características e idade do alumnado aos que irán dirixidos.

As **liñas de traballo** que poderán abordar os obradoiros serán as seguintes:

- Intervencións no espazo educativo
- Educación en arquitectura e urbanismo
- Patrimonio
- Identidade territorial e paisaxe
- Dereito ao hábitat
- Desenvolvemento sustentable

Por medio destes obradoiros trataráanse de desenvolver as seguintes **competencias clave**:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia en aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Competencia en conciencia e expresións culturais

## COMO PARTICIPAR

Se formas parte dunha entidade ou tes un obradoiro que ofrecer dentro das condicións arriba descritas, podes presentar a túa proposta a través deste **formulario**. A recepción das propostas estará **aberta até o día 31 de outubro de 2021**.

**Requisitos** para aquelas persoas ou entidades interesadas en impartir un obradoiro:

- Propoñer un obradoiro para desenvolver nun centro escolar entre novembro e decembro de 2021. Este obradoiro poderase desenvolver máis dunha vez en varios centros, se hai demanda e dispoñibilidade.
- Axustarse ás liñas de traballo e temáticas propostas na presente convocatoria.
- Achegar orzamento correspondente xunto coa inscrición a través do formulario antes do 31 de outubro de 2021.
- Presentar factura antes do 10 de decembro de 2021.

**Medios de contacto** para calquera dúbida relacionada coa convocatoria:

- Escribindo a [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)
- Chamando ao 676 033 121